

## PRINCIPIOS EDUCATIVOS

### 1. CONFESIONALIDADE

O Centro manifestase aconfesional, respectando tódalas ideoloxías e crenzas.

### 2. A LINGUA DO CENTRO

Procurarase que a lingua galega sexa de uso normal no Centro

### 3. VALORES

O noso Centro transmitirá ao alumnado os valores dunha sociedade democrática. Entendemos como valores fundamentais:

- Respecto mutuo para entender que a liberdade individual vese limitada pola liberdade dos demais.
- A solidariedade, rexeitando as actitudes discriminatorias.
- O espírito crítico diante de comportamentos insolidarios e fomentando a independencia de criterios e xuízos.
- Promoveranse actitudes de diálogo, comprensión e respecto para resolver conflitos entre as persoas e grupos.
- O respecto polo medio ambiente, fomentando a súa recuperación e conservación.
- O coidado e respecto polo material e mobiliario do noso Centro, inculcando o gusto por mantelo limpo e coidado.
- O respecto e cumprimento das normas do Regulamento de Réxime Interno como medio de garantir a convivencia no Centro.

### 4. COEDUCACIÓN

Practicarase unha educación para a igualdade sen discriminación ningunha.

Intentarase non transmitir ningún estereotipo por razón de sexo, procedencia, color da pel, cultura, opción sexual, etc.

### 5. XESTIÓN DO CENTRO

A xestión do Centro estará baseada nun modelo participativo, transparente e propiciando o diálogo como forma de chegar a solucións consensuadas. Os órganos de goberno fomentarán a participación de tódolos membros da Comunidade Educativa, a través dos seus representantes, na súa xestión.

### 6. INTEGRACIÓN

Traballarase para conseguir a integración de toda a Comunidade Educativa de maneira que as diferenzas económicas, sociais, culturais e persoais que existan, non impidan acadar un máximo desenvolvemento das súas capacidades.

### 7. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada polos distintos departamentos didácticos seguirá os seguintes principios metodolóxicos:

- **Aprendizaxe significativa**, partindo sempre dos coñecementos previos adquiridos e rexida polos seguintes principios: do coñecido ao

descoñecido, do próximo ao distante, do individual ao xeral, do concreto ao abstracto, do sinxelo ao complicado.

- **Metodoloxía activa**, de xeito que o alumnado observe, reflexione, realice, participe, investigue, constrúa,...
- **Participativa**, fomentando as actividades grupais, especialmente de tipo cooperativo, a toma de decisións en conxunto e o intercambio e confrontación de opinións.
- **Creatividade, liberdade e autonomía**, potenciando que o alumnado desenvolva a súa iniciativa persoal.
- **Diversificación das fontes do coñecemento**, utilizando recursos metodolóxicos variados, así como as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
- **Interdisciplinaridade**, relacionando os contidos das distintas áreas, e propiciando a realización de actividades complementarias comúns.
- **Atención á diversidade**, procurando atender ao alumnado dunha forma o máis personalizado posible, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e as capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, as súas lagoas e progresos,...
- **Autoestima**, favorecendo o equilibrio persoal, emocional e afectivo do alumnado, evitando no grupo situacións de marxinación, segregación, ridiculización, e, en xeral, calquera comportamento que sexa discriminatorio.

## FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS

- Favorecer actitudes non discriminatorias, facilitando a integración de todo o persoal do Centro.
- Fomentar que a resolución de conflitos entre os distintos membros da Comunidade Educativa, sexa mediante actitudes de diálogo e respecto mutuo.
- Velar polo cumprimento das normas do RRI, para poder garantir unha boa convivencia no Centro.
- Procurar a utilización dunha linguaxe oral e escrita, que garanta o principio de coeducación, evitando roles sexistas.
- Promover accións que permitan participar activamente, aos distintos sectores da Comunidade Educativa, na toma de decisións.
- Crear un clima agradable de traballo e de boa comunicación entre os distintos membros da Comunidade Educativa, baseado no diálogo respectuoso.
- Proporcionar ao alumnado unha formación integral, baseado nos nosos principios metodolóxicos.
- Promover na Comunidade Educativa o respecto polo medio ambiente, fomentando a súa recuperación e conservación.
- Desenvolver na Comunidade Educativa o sentimento de pertenza a unha comunidade con lingua e cultura propias na que se debe sentirse integrado.